

EMENDAS PROPOSTAS POLA ASOCIACIÓN GALICIA BILINGÜE

EMENDA 1.

Texto a emendar: artigo 1.3. Emenda de substitución.

Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios, fomentarse o uso da lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se fomentará o uso do galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Texto proposto.

3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes dirixidas aos propios traballadores do centro, como actas, informes sobre alumnos e outros fomentarse o uso da lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán.

Os anuncios e as informacións dirixidas ao conxunto da comunidade educativa e ao público en xeral, estarán redactados, polo menos, nas dúas linguas oficiais.

As comunicacións de calquera tipo dirixidas aos país de maneira individualizada poderán estar redactadas só en galego agás no caso de que estes expresen mediante un escrito que desexan recibilas a partir da data de entrega dese escrito traducidas ao castelán, en cuxo caso lles serán remitidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As resolucións que recoñezan o dereito á exención na cualificación en lingua galega sempre estarán redactadas nas dúas linguas oficiais.

En cumprimento do establecido no artigo 54.11 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o persoal ao servizo dos centros de ensino públicos deberá empregar na súa relación cos país e público en xeral a lingua oficial na que estes desexen ser atendidos de faceren petición expresa nese sentido. Os funcionarios que non respecten os dereitos dos país e cidadáns en xeral recoñecidos neste artigo e noutras Leis poderán incorrer en responsabilidade disciplinaria, en función do seu coñecemento das linguas oficiais de Galicia.

Xustificación da emenda.

Cumprimento da promesa electoral de facer bilingüe a Administración, de maneira que se promocióne o galego sen restrinxir o dereito dos que prefiren relacionarse coa Administración en castelán. Garantir a seguridade xurídica referida ao dereito dos cidadáns a recibiren a documentación polo menos traducida ao castelán se así o desexan, xa que unha mera referencia ao artigo 36.3 da Lei 30/1992, como acontecía nos anteriores decretos, demostrouse como unha coartada para que en moitos centros non se respectasen os dereitos de moitos cidadáns, mesmo coa inhibición da inspección, cando non dunha interpretación da Lei impropia dun inspector. Tamén está na liña da sentenza 131 de 1996 do TSXG,

que anulara o establecido nos números 1, 2 e 3 do artigo 1º do decreto 247/1995, e iso tendo en conta que na propia redacción do número 3 xa aparecía explicitamente o dereito a recibir a documentación en castelán. Reproduzo literalmente o número 3 dese artigo:

"3.-As actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, tales como actas, comunicados e anuncios, redactaranse en galego. Tamén se redactarán en galego as actuacións administrativas que se realicen a solicitude de persoa interesada, agás nos casos en que esta pida que se fagan en castelán."

Tamén paga a pena lembrar o que dí o Consello Consultivo de Galicia (CCG) na súa consideración sétima do ditame 366/07 referente ao borrador do decreto logo aprobado coa referencia 124/2007 (e hoxe vixente), na que se fai mención explícita da antedita sentenza que deu lugar á aprobación do decreto 66/1997 que modificaba os números 1, 2 e 3 do decreto 247/1995 anulados pola sentenza. De maneira bastante insólita, omitíronse no preámbulo do decreto 66/1997 as razóns que levaban á aprobación dese decreto, cando o normal é dicir que se fai porque os preceptos modificados foron declarados inconstitucionais ou ilegais. Este decreto 66/1997 introduciu por primeira vez a expresión "con carácter xeral" respecto ao uso do galego na documentación dos centros; expresión que claramente é contraria ao principio da seguridade xurídica consagrado polo artigo 9.3 da Constitución, sendo máis grave no caso dun regulamento (a aparición de tal cláusula nunca foi convalidada expresamente por parte dun tribunal, xa que os recorrentes do anterior decreto manifestaron non ter medios para afrontar un novo recurso, que, como mínimo, dese lugar a unha sentenza convalidatoria pero interpretativa desa expresión coherente co disposto na anterior sentenza. Tamén o CCG faise eco deste aspecto no antedito ditame:

Consideración sétima:

"A maiores das consideracións xerais xa realizadas, procede apuntar que tal previsión, desenvolvida no artigo 2 do proxecto xa recibiu o placet do Tribunal Constitucional en diversos pronunciamentos nos que se consagra a doutrina de que o uso normal da lingua propia da Comunidade non vulnera o principio de cooficialidade porque non exclúe o uso da outra lingua oficial (sentenza 337/1994). O propio Decreto 247/1995, que será derogado cando o presente Proxecto entre en vigor, foi xa modificado polo Decreto 66/1997, introducíndose naquel previsións relativas ao uso con carácter xeral da lingua galega".

Consideración novena:

*A impartición desas materias en lingua galega actualiza a potestade organizatoria do sistema de ensino que corresponde aos poderes públicos, e como xa se indicou fronte a tal determinación non é opositible un pretendido dereito a recibir a educación nunha soa lingua de xeito exclusivo, **mais o ámbito decisorio dispoñible para o regulamento esgótase no eido da impartición das materias, pois o uso da lingua como instrumento vehicular non está suxeito á avaliación directa nesas materias**, e a imposición do seu uso a través dun **mandato directo con reserva de excepción -non especificada por certo no texto do decreto- choca coa inexistencia dun deber estatutario ou legal de uso do galego, polo que os alumnos poden invocar o seu dereito ao emprego da súa lingua de preferencia entre aquelas que son oficiais."***

Queremos lembrar que o dereito á seguridade xurídica está consagrado no artigo 9.3 da Constitución, e se hai que ser especialmente coidadosos con el é nos regulamentos que desenvolven as Leis concretando os seus preceptos.

EMENDA 2.

Texto a emendar: artigo 3.1. Emenda de substitución.

Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo. Garantirase que se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante na aula.

Texto proposto.

Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado e coidará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo. Garantirase que o profesorado se dirixa aos alumnos individualmente na aula na súa lingua materna.

Os país indicarán a lingua materna dos seus fillos no sobre ou no impreso de matrícula.

Porase especial coidado en que o alumnado aprenda a ler e escribir na súa lingua materna, para que unha vez asentada esta aprenda a ler e a escribir na outra lingua oficial.

Xustificación da emenda.

Dar cumprimento ao artigo 13.1 da LNL que garante como individual o dereito a recibir o primeiro ensino en lingua materna, ademais de **cumprir as promesas electorais**. Tamén para ser coherente coa doutrina exposta en tres sentenzas do TSX de Cataluña, convalidadas pola STS de 12 de decembro de 2008.

EMENDA 3.

Texto a emendar: artigo 4. Emenda de substitución.

1. En Educación primaria, ESO e Bacharelato, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en lingua inglesa. Con esa finalidade, establécese que un terzo das horas semanais se oferte en galego e outro terzo en castelán, e prevese que o terzo restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s).

2. En Educación Primaria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia. Das materias Coñecemento do medio natural, social e cultural e Matemáticas, unha impartirase en galego e outra en castelán segundo a opinión das familias, que será vinculante. Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Coñecemento do medio natural, social e cultural deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).

3. En Educación Secundaria Obligatoria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Matemáticas e Ciencias Sociais, opinión que será vinculante. Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Ciencias Sociais deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).

4. En Bacharelato, cada centro educativo aprobará unha oferta equilibrada de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).

Texto proposto.

1. En Educación primaria, ESO e Bacharelato, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en lingua inglesa. Con esa finalidade, establécese que un terzo das horas semanais se oferte en galego e outro terzo en castelán, e prevese que o terzo restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s).

2. No primeiro ciclo de Educación primaria, que abrangue os dous primeiros cursos da mesma, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e no resto das materias os alumnos recibirán o ensino na súa lingua materna en cumprimento do establecido no artigo 13.1 da Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

No resto da Educación primaria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia. As materias Coñecemento do medio natural, social e cultural e Matemáticas impartiranse na lingua oficial elixida polos responsables legais dos alumnos, que será vinculante. O resto das materias impartirase na outra lingua oficial.

Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, poderá propoñer que ata un terzo das materias, pero non as dúas citadas no parágrafo anterior, sexan impartidas nunha lingua estranxeira se se dispón do profesorado axeitado, correspondendo a aprobación da proposta á Administración educativa.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Coñecemento do medio natural, social e cultural deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e poderá autorizar a súa impartición

3. En Educación Secundaria Obligatoria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e, cando sexa o caso, Física e química e Bioloxía e xeoloxía; opinión que será vinculante. O resto das materias impartirase na outra lingua oficial.

Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, poderá propoñer que ata un terzo das materias, pero non as citadas no parágrafo anterior, sexan impartidas

nunha lingua estranxeira se se dispón do profesorado axeitado, correspondendo a aprobación da proposta á Administración educativa.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias citadas no primeiro párrafo deste número deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e poderá autorizar a súa impartición.

4. En primeiro de Bacharelato, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Matemáticas I, Filosofía e cidadanía, e, cando sexa o caso, Economía, Física e química e Bioloxía e xeoloxía; opinión que será vinculante. O resto das materias impartiranse na outra lingua oficial.

Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, poderá propoñer que ata un terzo das materias, pero non as citadas no parágrafo anterior, sexan impartidas nunha lingua estranxeira se se dispón do profesorado axeitado, correspondendo a aprobación da proposta á Administración educativa.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias citadas no primeiro párrafo deste número deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e poderá autorizar a súa impartición.

5. En segundo de Bacharelato, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia e corresponderá ao Consello Escolar do centro decidir en que lingua oficial se imparte o resto das materias, respetando que haxa un reparto equilibrado de carga horaria entre as dúas linguas.

Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, previa consulta ás familias, poderá propoñer que ata un terzo das materias sexan impartidas nunha lingua estranxeira se se dispón do profesorado axeitado, correspondendo a aprobación da proposta á Administración educativa, que valorará sobre todo a opinión das familias.

Xustificación da emenda.

No primeiro ciclo de primaria o cumprimento da LNL, e tanto neste como no resto desta etapa permitir que sexan as familias, tendo en conta as opinións dos alumnos en función da súa idade, as que decidan en que lingua prefiren recibir o ensino daquelas materias que poidan supoñer un maior grao de manexo de textos e razoamentos complexos en función dos seus intereses futuros e no sentido de **respectar o cumprimento das promesas electorais.**

EMENDA 4.

Texto a emendar: Artigo 5. Emenda de substitución.

1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego.

3. Desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

Texto proposto.

1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, corresponderá ao Consello Escolar determinar en que lingua oficial se imparte cada unha das materias de maneira que haxa unha carga horaria o máis equilibrada posible entre ambas as dúas linguas.
2. Nestas ensinanzas, e debido a que se pode dar a necesidade de contratar a profesores provenientes de fóra de Galicia pola alta especificidade dalgúns módulos e materias, a asignación da lingua na que se impartirá cada módulo ou materia farase de maneira que queden para impartir en castelán aquelas materias ou módulos nos que non se dispoña de profesores con bo coñecemento da lingua galega, sen prexuízo de que estes profesores reciban cursos para adquirir progresivamente un coñecemento suficiente da lingua galega.
3. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego e en castelán.
4. Desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

Xustificación da emenda.

Dado que na Formación Profesional o ensino impártese por módulos profesionais e non se pode falar de materias troncais, nin de xeito figurado, para establecer un reparto equilibrado no uso das dúas linguas, pero tendo en conta que a natureza destas ensinanzas fai máis probable a necesidade de contratar a profesores de fóra de Galicia e que, loxicamente, non terán un nivel de galego axeitado para desenvolver a súa función docente nesta lingua.

EMENDA 5.

Texto a emendar: artigo 6.1. Emenda de substitución.

Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas linguas oficiais.

Texto proposto:

Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas aplicarase aos diferentes niveis, etapas e cursos os mesmos criterios que para os niveis, etapas e cursos homólogos que figuran no artigo 4, coa salvedade de que a elección da lingua na que se impartirán as materias enumeradas no referido artigo corresponderá aos propios alumnos.

Xustificación da emenda.

Permitir que sexan os interesados os que decidan en que lingua prefiren recibir o ensino daquelas materias que poidan supoñer un maior grao de manexo de textos e razoamentos complexos en función dos seus intereses futuros e no sentido de **respectar o cumprimento dos compromisos electorais.**

Ademais, neste tipo de ensinanzas, e dado o perfil do inmigrante medio de Galicia, é moi probable que haxa alta proporción de alumnos hispanoamericanos cuxa lingua materna sexa o castelán, tendo en conta que adoitan a ser persoas que carecen dunha base académica forte e resultaríalles máis doado acadar os niveis esixidos para cada titulación se nas materias troncais reciben o ensino na súa lingua materna. Hai que pensar que debe facilitarse ao máximo que estas persoas, provenientes con frecuencia de países con baixa renda, e de extracción social humilde, así como baixo nivel cultural, poidan acadar titulacións que lles permitan aspirar a postos de traballo que doutro xeito estaríanlles vedados. O impedirles estudar na súa lingua podería incidir negativamente nun maior fracaso escolar e incitalos a abandonar os seus estudos sen titular, o que mesmo podería resultar

contraproducente na actitude que poidan ter no futuro cara o galego. Ha de resaltarse tamén o alto grao de mobilidade por toda España que os inmigrantes adoitan a ter por diferentes razóns.

EMENDA 6.

Texto a emendar: artigo 7.3. Emenda de adición.

3. En todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia.

Texto proposto.

3. En todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Ademais, poderá empregar os libros de texto e calquera outro material didáctico na lingua da súa preferencia.

Xustificación da emenda.

Cumprimento das promesas electorais por unha banda; pero ademais non semella coherente permitir que os alumnos poidan empregar en clase oralmente e por escrito a lingua da súa preferencia e non nos libros de texto, xa que é frecuente que os alumnos teñan que copiar parte do escrito ou debuxado no libro. Baste imaxinar que un alumnos que quere empregar o castelán ao preguntar unha dúbida ou cuestión ao profesor referente ao contido do libro tería, de maneira un tanto absurda, que traducir sobre a marcha ese contido, algo que, "de facto", estaría a limitar ou coartar ese dereito a expresarse na lingua oficial da súa preferencia.

Por outra banda, xa o CCG, no seu ditame 366/07 referente ao borrador do decreto logo aprobado coa referencia 124/2007 (e hoxe vixente), e analizando a cobertura legal necesaria para poder esixir aos alumnos o uso dunha das dúas linguas oficiais en concreto, o CCG exprésase, na súa consideración novena, con esta claridade respecto desa falta de cobertura legal, ademais de criticar, como xa se dixo a introducción da cláusula "con carácter xeral" coa inseguridade xurídica que implica, que, obviamente alcanza aos libros de texto, xa que se trata dun material pedagóxico empregado polos alumnos:

"Os artigos 8, 9, 10, 11 e 12 do proxecto de decreto establecen a obrigatoriedade da impartición de determinadas materias en lingua galega, e o artigo 13 no seu apartado 1 particulariza o uso da dita lingua nesas materias por parte do alumnado, dispoñendo que este "utilizará, con carácter xeral" o galego nas manifestacións oral e escrita, nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega.

*É esta unha das previsións que, **destacadamente**, se atopa coa **falta dunha suficiente cobertura legal** como consecuencia do baleiro normativo orixinado polo xa analizado pronunciamento do Tribunal Constitucional sobre o deber de coñecemento da lingua galega.*

*En efecto, son ámbitos perfectamente deslindables e non intercambiabes, o que corresponde ao deber de coñecer o galego como concreción do deber de estudo da dita lingua e a capacitación en igualdade de condicións co castelán que esixe e ampara con suficiencia a Lei de normalización lingüística, e outro, nidiamente distinto ao **ámbito do deber de uso da dita lingua, que co marco legal actualmente existente, é esixible aos alumnos só nas clases de literatura galega**, como correlato lóxico da previsión da ensinanza da lingua galega que a lei contempla.*

A impartición desas materias en lingua galega actualiza a potestade organizatoria do sistema de ensino que corresponde aos poderes públicos, e como xa se indicou

*fronte a tal determinación non é opoñible un pretendido dereito a recibir a educación nunha soa lingua de xeito exclusivo, **mais o ámbito decisivo dispoñible para o regulamento esgótase no eido da impartición das materias, pois o uso da lingua como instrumento vehicular non está suxeito á avaliación directa nesas materias, e a imposición do seu uso a través dun mandato directo con reserva de excepción -non especificada por certo no texto do decreto- choca coa inexistencia dun deber estatutario ou legal de uso do galego, polo que os alumnos poden invocar o seu dereito ao emprego da súa lingua de preferencia entre aquelas que son oficiais.***

Este é un dos aspectos no que se amosou máis contundente o ditame do CCG respecto a ilegalidade do vixente decreto, aínda que, a pesar de ter transcorrido case tres anos desde a interposición dun recurso por parte desta asociación contra ese e outros aspectos tamén cuestionados polo CCG, de maneira que se pode estar vulnerando en moitos centros os dereitos dos alumnos, pola interpretación afastada do criterio do CCG que veñen facendo unha parte dos profesores se ao final resulta estimado o recurso neste aspecto, producíndose un dano irreparable a moitos alumnos de Galicia. Temos noticia de que mesmo hai centros nos que, en lugar de actuar con prudencia, aprobáronse uns criterios de calificación, ou fíxose de "facto", nos que se establecía rebaxar a calificación do alumno se non empregaba o galego nas materias impartidas en galego. Curiosamente, nas materias impartidas en castelán permitíase aos que así o desexasen empregar sen restricción o galego, o que podería dar lugar a unha vulneración do principio de igualdade entre os alumnos castelanfalantes e galegofalantes. Un trato discriminatorio que, entroutras cousas favorecería aos galegofalantes á hora de establecer as medias en bacharelato que poden condicionar o acceso ou non a un determinado centro universitario.

EMENDA 7.

Texto a emendar: artigo 8.1. Emenda de supresión.

1. Os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia. A Administración educativa promoverá a elaboración de materiais na outra lingua oficial de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s).

Texto proposto.

1. A Administración educativa promoverá a elaboración de materiais nas dúas linguas oficiais de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s).

Xustificación da emenda.

Na parte que lle é aplicable a xustificación da emenda 6.

EMENDA 8.

Emenda de adición.

Disposición adicional.

A organización e distribución dos alumnos por aulas en función das opcións lingüísticas elixidas será establecida mediante as ordes e resolucións da Administración educativa que procedan a fin de axustar a demanda á oferta. A demanda mínima que dea dereito a exercer unha determinada opción será establecida regulamentariamente pola Administración educativa.

O principio xeral que se seguirá será o de organizar aulas cos alumnos que elixan unha determinada opción, e no caso de que non fose posible por falta de demanda

suficiente organizar un aula cunha determinada opción, en cada aula impartirase o ensino na opción lingüística maioritaria dos alumnos desa aula.

Cando nunha mesma localidade ou zona escolar existan varios centros dun determinado nivel, a Administración educativa analizará tras cada curso académico os datos referentes ás opcións elixidas en cada centro para intentar reagrupar aos alumnos que non puidesen exercer a súa opción por ser minoritaria e insuficiente no seu centro de maneira que no futuro poidan exercela nun centro onde sexan reagrupados. Este reagrupamento sempre terá carácter voluntario, de tal xeito que se as familias afectadas prefiren que sus hijos permanezan no centro no que están matriculados, renunciando a poder exercer a opción lingüística da súa preferencia mentres sexa minoritaria e non alcance a demanda mínima para poder exercela, terán ese dereito e non poderán seren obrigados a trasladarse a outro.

EMENDA 9.

Emenda de adición.

Disposición derogatoria.

Quedan derogados o decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e cantas normas anteriores de igual ou inferior rango no que se opoñan a este decreto.

EMENDA 10.

Emenda de adición.

Disposición derradeira.

Entrada en vigor.- Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, agás naquilo que afecte á lingua na que se imparten as diferentes materias segundo o vixente proxecto lingüístico de centro, así como á exención da cualificación en lingua galega en aplicación do establecido no decreto 124/2007 ata o final do curso académico 2009/2010, aspectos nos cales a entrada en vigor diferirase á organización do curso 2010/2011.